

**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **15 de marzo de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

**4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA XESTIÓN PARCIAL DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 17043/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/03/16, dáse conta do informe-proposta do 10/03/16, do secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332).*

ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local celebrada o 16 de outubro de 2015, adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 29 de setembro de 2015, de “Excluir aos licitadores FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES (FESAN), ANA NAYA GARCIA, S.L. e EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS por non acadar a puntuación mínima esixida para os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, que é de 15 puntos”.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332) no seguinte orde decrecente:*

<i>Empresa</i>	<i>Criterios ponderables mediante xuízos de valor</i>	<i>Criterios avaliábeis mediante fórmulas</i>	<i>TOTAL</i>
<i>COLEGIO LOS MILAGROS SL</i>	<i>24,25</i>	<i>75</i>	<i>99,25</i>
<i>CLECE SA</i>	<i>23,75</i>	<i>73,54</i>	<i>97,29</i>
<i>AURORA, PILAR Y ANA SL</i>	<i>19</i>	<i>72,11</i>	<i>91,11</i>

PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL	17,50	60,23	77,73
---	-------	-------	-------

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil e de accidentes que cubra a totalidade das actividades da escola por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Póliza do seguro de danos por sinistros do edificio, por un importe mínimo de 600.000 €.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 618,82 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación por cada un dos lotes”.*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o día 19 de outubro de 2015, que presenta a documentación requirida en data 28 de outubro 2015, dentro do prazo sinalado.*

*Terceiro.- A mesa de Contratación celebrada o 10 de novembro de 2015 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, Colegio Los Milagros, S.L. é a requerida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, deixando pendente a proposta de adxudicación ata que exista autorización da Xunta de Galicia para a a apertura da escola infantil.*

*Cuarto.- A mesa de Contratación celebrada o 10 de marzo de 2016 comprobou que a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia en resolución de 4 de marzo de 2016 autorizou a apertura da escola, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.*

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente*

*a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Colegio Los Milagros, S.L.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar a Colegio Los Milagros, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332), por un prezo de 677.040euros, e a realización e 5 saídas e visitas didácticas anuais e a realización de 10 actividades de escola de pais anuais.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a quince de marzo do ano dous mil dezaséis.

CCA/rs

V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.